



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

IES Pedra da Auga

FORMADO PROFESIONAL DESDE 1996

Rúa Feliciano Barrera, s/nº - 36860 Ponteareas - Tel: 886121205

INSTITUTO DE REFERENCIA NA REDE DE CENTROS COEDUCATIVOS



Organización
das Naciones
para a Educación,
a Ciencia e a Cultura

Membro de

• Escolas
• associadas

• à UNESCO



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO

“O FSE invita no seu futuro”

Erasmus+

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN DA MATERIA DE FILOSOFÍA 1º BACH CURSO

2023-2024

1. AVALIACIÓN:

Inicial: A avaliação inicial neste curso realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

A tal fin realizarei en primeiro lugar unha análise dos informes de avaliação individualizados do curso anterior, mediante o diálogo nos primeiros días de aulas acadaremos un coñecemento xeral da situación emocional do alumnado e, finalmente, a través dunha prova escrita coñeceremos cal é o seu grado de consecución das habilidades, coñecementos e procedementos elementais para a materia (conceptos clave, recoñecemento de épocas e autores significativos...)

Continua: levarase a cabo mediante o debate, posta en común de actividades e traballos, corrección de exercicios que podemos dividir nos seguintes tipos:

- ✓ Actividades conceptuais. Nelas os alumnos e alumnas deberán ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.
- ✓ Actividades de comentario de texto. Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese, ideas secundarias así como os argumentos ou estruturas de razonamento do texto.
- ✓ Actividades de síntese. Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razonar a partir deles.
- ✓ Actividades de razonamiento e argumentación. Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

Durante os trimestres realizarase unha proba escrita onde se avaliarán os contidos do curso mediante: comentarios de texto, preguntas de desenvolvemento ou concreción teórica (definicións, preguntas de resposta breve, test...), exposición da relación entre autores...

Por último, faise constar que copiar na proba de control escrita ou en calquera dos outros traballos é motivo de suspenso inmediato na avaliação. Igualmente cabe indicar que se a profesora da materia tivese dúbidas razonables acerca da licitude dos medios empregados por algún alumno ou alumna para obter unha determinada cualificación nun exame poderá esixirlle no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia correspondente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

IES Pedra da Auga

FORMANDO PROFISSIONAL DESDE 1979

Rúa Feliciano Barrera, s/nº - 36860 Ponteareas - Tel: 886121205

INSTITUTO DE REFERENCIA NA REDE DE CENTROS COEDUCATIVOS



Membro de

Organización
da Inclusión
para a Educación,
a Ciencia e a Cultura

• Escritas
• Assessadas

• à UNESCO



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invita ao seu futuro"

Erasmus+

Durante cada un dos trimestres a profesora proporá diferentes traballos monográficos ou sobre libros de lectura que serán avaliados mediante a redacción das súas conclusóns, a defensa dunha tese, exposición pública ou debate

Final: A nota final do alumnado responde a seguinte proporción

a. 2 Exames trimestrais: 70%

Para a cualificación desas probas seguirase un criterio global. Terase en conta non so a mera exposición de contidos senón tamén a precisión e o rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado, a orixinalidade e a capacidade crítica, expresións de madurez persoal; valorándose ademais o esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos.

En calquera caso os criterios de cualificación virán determinados polos seguintes criterios de avaliación xeral:

- ✓ A habilidade na construcción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.
- ✓ Capacidade de análise dos problemas relacionados así como da xustificación dos distintos argumentos e contra-argumentos nos debates ou resolución de dilemas.
- ✓ Desenvolvemento das capacidades de razonamento, sentimento e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.
- ✓ Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.
- ✓ Procurar a integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.

b. Traballo na aula e participación activa: 10%

c. Traballos monográficos ou traballos sobre libros de lectura: 20%

2. PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN: ordinaria e extraordinaria

Ordinaria: O sistema de recuperación de cada avaliación suspensa ó longo do curso constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para as probas ordinarias. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados. A este respecto, cabe realizar as seguintes puntualizacións:

- Haberá unha recuperación para cada avaliación suspensa ou para subir nota (neste último caso sempre se porá a nota desta recuperación).
- Un alumno/a que, chegado xuño, teña unha avaliación suspensa cun 3 ou máis, pode aprobar directamente na avaliación final (xuño) sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos.
- Un alumno/a que teña 2 avaliacións suspensas deberá recuperar toda a materia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN



IES Pedra da Auga

FORMANDO PROFESSIONAL DESDE 1976

Rúa Feliciano Barrera, s/nº - 36860 Ponteareas - Tel: 886121205

INSTITUTO DE REFERENCIA NA REDE DE CENTROS COEDUCATIVOS



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO

"O FSE invita ao seu futuro"

Erasmus+

- Un alumno/a que, chegada a convocatoria ordinaria de xuño, non obteña o aprobado, deberá facer a recuperación de todo o curso na convocatoria extraordinaria

- En canto as cualificacións, cabe apuntar que só a partir das 55 décimas, se transforma a nota no número enteiro seguinte. A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións tendo en conta que o cálculo da media do curso farase coa nota real (coas décimas obtidas) e non coa nota oficial (os números enteiros).

Extraordinaria: A avaliación extraordinaria constará dunha proba escrita de semellantes características as cuestións teóricas, comentarios de texto ou traballos ordinarios desenvoltos durante o curso. A nota da proba virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.